

ACORDO BILATERAL ENTRE OS CENTROS DE TRASPLANTE DE PROXENITORES HEMATOPOIÉTICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INTERNACIONAL JOSEP CARRERAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 02.12.2022 coa Fundación Internacional Josep Carreras o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente por un período de catro anos, o cal poderá ser prorrogado por acordo unánime das partes por catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Formalizar e regular a relación entre a Fundación Internacional Josep Carreras e os Centros de trasplante de proxenitores hematopoiéticos dos que dispón o Servizo Galego de Saúde nos seus complexos hospitalarios de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, de conformidade co establecido no Real decreto lei 9/2014, do 4 de xullo, polo que se establecen normas de calidade e seguridade para a doazón, obtención, avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de cédulas e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia mantén e xestiona o Rexistro de doadores de medula ósea (REDMO). O Servizo Galego de Saúde, pola súa banda, ven colaborando dende hai anos coa citada fundación co obxectivo de garantir o desenvolvemento dese rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia, coa fin de mellorar a asistencia sanitaria dos pacientes residentes na nosa comunidade que precisen trasplantes de proxenitores hematopoiéticos mediante o fomento da doazón voluntaria e o emprego dos laboratorios de histocompatibilidade para a realización da tipificación HLA aos candidatos a doadores, así como para colaborar na obtención e trasplante de proxenitores hematopoiéticos a través dos tres centros que o Servizo Galego de Saúde ten habilitados nos complexos hospitalarios de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

O Real decreto lei 9/2014, do 4 de xullo, establece no seu artigo 26 que a aplicación de cédulas e tecidos humanos poderá realizarse só en aqueles centros ou unidades sanitarias debidamente autorizados pola autoridade sanitaria competente, seguindo as bases xerais de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios que establece o Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, e sempre que se cumpran os requisitos e condicións mínimas recollidos no anexo I.4 do citado real decreto lei.

O artigo 11.3 do mesmo recolle ademais que en caso de que os tecidos e/ou cédulas vaian ser enviados a un establecemento de tecidos para o seu procesamento, o procedemento de obtención, empacquetado, etiquetado, mantemento e transporte ata dito centro deberá constar nun documento acordado entre a unidade de obtención e o establecemento de tecidos.

É por iso polo que ambas partes formalizaron o citado acordo bilateral, no que se recollen os obxectivos, actividades e medios para o desenvolvemento das funcións encomendadas a cada unha delas, en orde a unha mellor atención aos pacientes necesitados dun trasplante de proxenitores hematopoiéticos (TPH) procedente de doador non emparentado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

